

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2011**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 7 de setembro de 2011.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para corte de xovencas e tenreiras, silo forraxeiro, esterqueira e balsa de zurro, en San Vicente de Coeo.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reforma de vivenda e adaptación ás normas de habitabilidade de vivendas de Galicia no edificio con licenzas números 214/78, 434/79, 578/97 e 1725/08, sito na rúa do Peto, número 7; para reforma de cuberta no edificio construído coa licenza número 776/73, sito na rúa Río Ser, número 12; para modificacións no edificio construído coa licenza de obras 873/09, composto de planta baixa para portal e local xenericamente comercial, entresollado para instalacións, tres plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para vivendas, en total 4 vivendas, sita na rúa Xermán Alonso Hortas, número 12; para construción dun almacén de maquinaria e apeiros agrícolas, na parcela 201, polígono 164, sita en Barreiro-Santiago de Saa; para reformas en edificio coa licenza de obras número 836/07, para independizar o entresollado existente, dándolle acceso independente pola fachada da rúa Vilalba, no edificio situado na rúa Vilalba, número 24, e rúa Bispo Aguirre, número 20; para unificación dos accesos verticais de dous edificios lindeiros, con licenzas números 47/68 e 538/67, para substituír escaleiras nun deles

por un ascensor, sendo a localización da obra rúa Portugal, números 25 e 27; para rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar “Casa de bares”, sita no núcleo rural tradicional de Fontesnovas, parroquia de Benade e para cambio de uso de planta baixa e entresollado comercial a garaxe aparcadoiro, no edificio construído coa licenza de obras 431/82, sito na avenida das Américas, números 72-76-78, esquina rúa do Pomar.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a aprobación definitiva do proxecto de urbanización do polígono número 3 do sector Sur-B (Louzaneta-Arieiras).

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Acórdase o nomeamento como funcionario/a de carreira deste Concello para cubrir quince prazas de Auxiliar de Administración Xeral.

Acórdase a autorización para realización de horas extraordinarias por persoal adscrito a Estatística e a aprobación da forma de compensación.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase a aprobación do proxecto de obras de “Humanización e mellora da praza Agro do Rolo (barro da Milagrosa-Lugo

Lugo, 15 de setembro de 2011  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García